

MPN/plc

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA 15/05/2023**

ASISTENTES

|             |   |
|-------------|---|
| PRESIDENTE: | D. Santos Héctor Rodríguez Díaz   |
| SUPLENTE    | D <sup>a</sup> Olga María García Ballesteros  |
| VOGAIS:     | D <sup>a</sup> . Ana María Mejías Sacaluga  |
|             | D. Gorka Gómez Díaz   |
|             | D <sup>a</sup> . Raquel Giráldez Armas  |
|             | D. Manuel González Martínez   |
|             | D <sup>a</sup> Noemi Outeda Prol, en substitución de D. Gregorio Agís Gómez         |
|             | D <sup>a</sup> Iria Lamas Salgueiro   |
|             | D. José Carlos López Campos   |
|             | D. Jorge Cubela López   |
|             | D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  |
|             | D <sup>a</sup> . María Paz Lago Martínez  |
|             | D. Ignacio Maril Pardo  |
|             | D. José Alfonso Marnotes González   |
|             | D. Javier Tourís Romero   |
|             | D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo  |
|             | D <sup>a</sup> . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández |

Sendo as doce horas e dous minutos do día quince de maio do ano dous mil vinte e tres, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión extraordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D<sup>a</sup> Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de abril do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.



**2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2023” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO (Expte. 2023032572)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2023” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO”**

*Do exame do expediente, quedan acreditados os seguintes antecedentes:*

- *No exercicio das súas respectivas competencias e do principio de colaboración, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo elaboraron unha proposta de convenio para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2023” organizado pola Asociación de Amigos da Ópera de Vigo que terá lugar na cidade de Vigo entre os meses de setembro a novembro do 2023.*
- *O desenvolvemento deste convenio pola Deputación e o Concello de Vigo permite o fomento deste tipo de ofertas culturais, e por extensión da cultura en xeral, a amplos sectores de poboación, os cales non terían acceso a estes eventos culturais polas canles tradicionais de promoción, tanto por custe como por impacto.*
- *O Concello de Vigo presenta o día 02/05/2023 no Rexistro da Deputación (núm. rexistro 2023010141) a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.*
- *En data 05/05/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente o 09/05/2023.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Réxime xurídico**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA)*



- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023*

### **Consideracións xurídicas**

#### **Competencia das administracións**

- *Artigo 25.2.h) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Pola súa parte, o art. 80.2.n) da LALGA, en concordancia co art. 25.2.m) da LRBRL, indica que os concellos exercerán competencias en materia de promoción da cultura, equipamentos culturais e actividades e instalacións culturais.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.*
- *Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.*

#### **Petición e evacuación de informes**

- *Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*



- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

### **Procedencia do convenio**

- *Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador..*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*
- *Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.*

### **Competencia para resolver**

- *Artigo 8.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, que en virtude do establecido na base 16.1 das Bases de execución do orzamento provincial, e de*



*conformidade co disposto nos artigos 34 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Presidencia.*

### **CONCLUSIÓNS**

*En base ás precedentes consideracións, ao interese público, social e cultural que representa esta actuación e ao principio de colaboración interadministrativa que se recolle na lexislación vixente, a Deputación e o Concello de Vigo conveñen a súa colaboración neste ámbito para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2023” organizado pola Asociación de Amigos da Ópera de Vigo”.*

*O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.*

*Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “Outono lírico 2023” organizado pola Asociación de Amigos da Ópera de Vigo.*

### **RÉXIME COMPETENCIAL:**

*De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente, co seu superior criterio, decidirá.*

*A vista do anterior, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

- *APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2023” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:*

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2023” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO**

*En Vigo, na data da sinatura electrónica*

### **INTERVEÑEN**

*Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*



*Doutra, don Abel Fermín Losada Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 17/08/2020, 04/09/2020 e 06/09/2022.*

*E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.*

*As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,*

### **EXPOÑEN**

*I.- Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.*

*II.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias correntes, para convenios co Concello de Vigo.*

*III.- Que a asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO”, organizadora do evento cultural “Outono Lírico 2023” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*Neste sentido, o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.*

*IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes, con arranxo aos seguintes*



## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

*É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento da organización do "Outono Lírico 2023", que ten lugar entre os meses de setembro a novembro do 2023 na cidade de Vigo.*

### **SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

*O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de 192.500 euros (CENTO NOVENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS)*

*As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de 20.000 euros (vinte mil euros) IVE agadido, consonte a seguinte distribución:*

|                                 | <i>Anualidade</i> | <i>Total</i>       |
|---------------------------------|-------------------|--------------------|
| <i>Deputación de Pontevedra</i> | <i>2023</i>       | <i>20.000,00 €</i> |

*O pago da anualidade do 2023 realizarase contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo en Pontevedra)).*

*No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.*

### **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

*1º.- A execución deste convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa desagregación que se establece no pacto segundo deste convenio de colaboración.*

*2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Amigos de la Ópera", CIF G 36622116 para coadjuvar ao financiamento do festival "Outono Lírico 2023" que se desenvolve na cidade de Vigo.*

*O Concello de Vigo remitirá unha copia do dito acordo á Deputación Provincial.*

*3º.- A Administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.*

*4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Amigos de la Ópera" á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.*



5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento.

#### **CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.
- Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do “Festival Outono Lírico 2023” que se desenvolve na cidade de Vigo
- Aprobar o texto da proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a dita finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### **QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de 20.000 euros (vinte mil euros), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada





*contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.*

- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.*

#### **SEXTO.- PUBLICIDADE**

*A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### **SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

*Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.*

#### **OITAVO. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A documentación xustificativa a presentar polo Concello, previa á realización do pago final, será a seguinte:*

- *Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Amigos de la Ópera", CIF G36622116 para a organización do Outono Lírico 2023*
- *Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;*



- *Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;*
- *Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado;*
- *Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;*
- *Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;*
- *Certificación do pagamento a favor da “Asociación de Amigos da Opera” para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2023”, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;*
- *Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;*
- *Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade;*
- *Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

#### **NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:*

- *A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- *Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- *Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

*A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.*



## **DÉCIMO.- VIXENCIA**

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2023, estendéndose o seu prazo de xustificación, como máximo, ata o 31/03/2024.*

## **DÉCIMO PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

*1ª.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

*2ª.- O acordo unánime dos asinantes.*

*3ª.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

*4ª.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*5ª.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

## **DÉCIMO SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*



*O concelleiro delegado da Área de Cultura*

*Asdo.: Abel Fermín Losada Álvarez*

*A Presidenta da Deputación de Pontevedra*

*Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego*

*A Secretaria da Administración Municipal do  
Concello de Vigo*

*Asdo.: Susana Gallardo Fariña*

*O Secretario Xeral da Deputación de  
Pontevedra*

*Asdo.: Carlos Cuadrado Romay "*

- *DARLLE TRASLADO da presente resolución ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa. "*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de resolución indicada "ut supra".

### **3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO 2023" (Expte. 2023034977)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión a seguinte proposta de aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do Festival "O Marisquiño 2023", de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

**"ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO 2023"**

#### **ANTECEDENTES**

- *A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, no exercicio das súas respectivas competencias, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións, desenvolven accións de cooperación na planificación e execución de proxectos e actuacións de ámbito cultural e deportivo.*



- *Co fin de colaborar no desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023”, ambas entidades elaboraron conxuntamente unha proposta de convenio de colaboración. Trátase dun festival que se vén realizando na cidade de Vigo dende o ano 2001 e que terá lugar os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023, constituíndo un referente de carácter internacional nos eidos do deporte e cultura urbanos. A súa vez, o festival atópase incluído no programa de festas da cidade de Vigo.*
- *O Concello de Vigo presenta os días 05/05/2023, 08/05/2023 e 09/05/2023 no Rexistro da Deputación (núms. rexistros WEB2023030343, WEB2023030883 e WEB2023030998, respectivamente) a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.*
- *Na data 09/05/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación e, pola súa banda, na mesma data 09/05/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023.*

### **Consideracións xurídicas**

#### ***Petición e evacuación de informes***

- *Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.*



- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

### **Procedencia do convenio**

- *Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*



- *Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.*

### **Competencia das administracións**

- *Artigo 25.2 da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; promoción da cultura e equipamentos culturais; e información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

### **Competencia para resolver**

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade cos artigos 35 da LRBRL e 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

### **CONCLUSIÓNS**

*En base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e cultural que representa esta actuación, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais e promover a celebración do festival “O Marisquiño 2023”.*

*Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.*

*O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.*

*Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023”.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.*



Á vista de todo o anterior, elévase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”.**

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

### **EXPOÑEN**

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, desenvolverán accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto mediante programas e actividades de promoción da cultura.





III. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da citada Lei 7/1985, e en concreto aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Pola súa banda, a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV. Que “O Marisquiño”, festival que se vén celebrando en Vigo dende hai 20 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanas. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas que puntúan nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Rías Baixas Fest” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2023”.

V. Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan “O Marisquiño” como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custo como impacto.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023” que terá lugar os días 11,12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo.

### **SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CIENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) SEN IVE para facer fronte aos gastos relacionados co festival “O Marisquiño 2023”.



O financiamento realizarase con cargo á aplicación 23/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

### **TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

| <b>ANUALIDADE</b> | <b>TOTAL</b> |
|-------------------|--------------|
| 2023              | 180.000,00€  |

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa *Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU*, CIF B36957132, para o festival “O Marisquiño 2023” que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”. A marca atópase debidamente rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas a nome de don Carlos Domínguez Fernández, propietario único de *Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU*.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3º. O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### **CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa *Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU*, para o festival “O Marisquiño 2023” que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo. A empresa *Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU*, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.



- *Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refire, prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:*
  - *Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, para o festival “O Marisquiño 2023”; o Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;*
  - *Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;*
  - *Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;*
  - *Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;*
  - *Certificación de pagamento a favor de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, asinada polo tesoureiro do Concello de Vigo;*
  - *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 do novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

## **QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

*A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€), sen IVE, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.*



*O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios [Vigo e Pontevedra]).*

*A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, obxecto deste convenio, á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos e, se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.*

*A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.*

#### **SEXTO. PUBLICIDADE**

*En toda a documentación e informacións relativas á edición do festival “O Marisquiño 2023”, en todos os formatos, figurarán os logotipos da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo.*

*As accións a desenvolver dentro do festival “O Marisquiño 2023”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da citada Lei 38/2003.*

#### **SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

*Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou/e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.*



## **OITAVO. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:*

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

*A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.*

## **NOVENO. VIXENCIA**

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2023.*

## **DÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.*
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o*



convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º. Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*.

### **UNDÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO**

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 e o Real*

*Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.*

*Polo Concello de Vigo*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra*

*O alcalde-presidente,*

*A presidenta,*

*Don Abel Caballero Álvarez*

*Dona María del Carmen Silva Rego*

*A secretaria,*

*O secretario,*

*Dona Susana Gallardo Fariña*

*Don Carlos Cuadrado Romay*

– *FACULTAR á presidenta para formalizar o devandito Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.*

– *DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa. ”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

### **4.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROCESO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS CREA. (Expte. 2023034374)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROCESO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS CREA.**

*Do exame do expediente, quedan acreditados os seguintes antecedentes:*

- *A Deputación Provincial de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na provincia e a organización de calquera actividade cuxa finalidade sexa o impulso de actuacións que fomenten a proxección exterior e a creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra. Con esta finalidade impulsa actuacións que favorezan o desenvolvemento de novos proxectos que apoiem e contribúan ao desenvolvemento socioeconómico.*
- *Así, no exercicio das súas respectivas competencias e do principio de colaboración, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Universidade de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración co propósito de dotar de personalidade propia e identidade científica ao campus de Pontevedra a través da creación dun campus universitario con capacidade de proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra.*
- *Para contribuir ao proceso de especialización no que está inmerso o Campus universitario de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra pretende colaborar na financiación dunha serie de actividades para contribuir á consecución dos obxectivos marcados no Plan Estratéxico do Campus CREA:*
  - *Divulgación do Programa de Doutoramento CREA da Universidade de Vigo.*
  - *Promoción e organización de eventos culturais e deportivos no Campus de Pontevedra ao abeiro do Campus CREA.*
  - *Promoción e organización de proxectos colaborativos entre o Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo e as entidades empresariais provinciais.*
- *O obxectivo deste convenio é establecer o marco de colaboración entre ambas entidades para para a consecución real e efectiva de obxectivos de interese común como son o apoio e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico da provincia de Pontevedra.*
- *En data 31/03/2023, mediante rexistro de entrada núm. WEB2023022807, a Universidade de Vigo presenta unha solicitude (emendada na data 20/04/2023, mediante rexistro de entrada*



*WEB2023026861) e demais documentación necesaria para a formalización dun convenio cun orzamento de trinta mil euros (30.000,00 euros), os cales serán financiados integramente (100%) pola Deputación Provincial de Pontevedra contra a aplicación 2023/942.9431.453.94 do vixente orzamento provincial.*

- *Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.*
- *Na data 08/05/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación e, pola súa banda, a Intervención Provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente o 10/05/2023.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Réxime xurídico**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023.*

### **Consideracións xurídicas**

#### **Competencia**

- *Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.*

#### **Petición e evacuación de informes**

- *Arts. 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Art. 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*





- *Arts. 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Art. 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Art. 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

### **Procedencia do convenio**

- *Arts. 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Art. 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos.*
- *Art. 199 da LALGA, que en consonancia co art. 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Art. 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cun contido non comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*
- *Art. 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o art. 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E, especificamente, o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.*
- *Art. 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*



## **CONCLUSIÓNS**

*En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e ao principio de colaboración que se recolle na lexislación vixente, a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, conveñen a súa colaboración para o financiamento do proceso de especialización do Campus CREA, atendendo a actividades de divulgación do doutoramento CREA, organización de eventos culturais, deportivos e de emprendemento.*

*Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.*

*A Universidade de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.*

## **RÉXIME COMPETENCIAL**

*En virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, e en aplicación da Resolución Presidencial núm. 2019014186 de 01/08/2019 sobre delegación de atribucións da Presidenta, no relativo á tramitación deste convenio de colaboración, a competencia para resolver atribúeselle ao Deputado delegado da Área á que pertenza o centro xestor.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente, co seu superior criterio, decidirá.*

*En consecuencia, tendo en conta todo o exposto e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/05/2023 (CSV: YTSPZ0HA9TUB318Q) e da Intervención Provincial de data 10/05/2023 (CSV: CTK5FNQU2KBPD15L), elévase ó Deputado Delegado da Área á que pertence o centro xestor a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

- *Aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROCESO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS CREA”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:*

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROCESO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS CREA.”**

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

## **INTERVEÑEN**

*Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*



*Doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia, núm. 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artículo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2019.*

*E dando fe do acto, don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*Todas as partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto*

### **EXPOÑEN**

*I.- Que a Universidade de Vigo é unha entidade de Dereito Público con personalidade e capacidade xurídica plenas e patrimonio propio, que realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, asumindo e desenvolvendo as súas funcións ao servizo da sociedade entre as que se atopan a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida do desenvolvemento económico.*

*O proxecto Campus CREA dota ao campus de Pontevedra dunha maior singularidade e especialización en base ás súas vantaxes competitivas. Ademais, o proxecto aglutina baixo unha mesma identidade e imaxe de marca todas aquelas áreas de coñecemento nas que o campus de Pontevedra ten experiencia e capital humano, tales como arte, comunicación, dirección e xestión pública, deporte, educación, forestais, publicidade e saúde. O concepto aglutinador de todas estas disciplinas (representado mediante a denominación CREA) relaciónase coa acción de “crear” e coa creatividade en si mesma, entendéndoa como un proceso esencial para a resolución dos problemas e retos sociais mediante novas solucións innovadoras adaptadas á realidade.*

*Por outra banda, o Campus CREA representa un campus dinámico e conectado coa súa contorna, mediante o establecemento de sinerxias e liñas de actuación conxunta entre a Universidade de Vigo e o tecido empresarial, económico, social e cultural da provincia e as Administracións públicas.*

*II.- Que a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pon a estas institucións ao servizo da sociedade atribuíndolles, entre outras, funcións de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura así coma de difusión, valorización e transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.*

*A tal fin, acordan colaborar en iniciativas e proxectos que, desde a economía social, apoiem e contribúan ao desenvolvemento socioeconómico.*



*III.- Que a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo apostan decididamente pola colaboración co propósito de dotar de personalidade propia e identidade científica ao campus de Pontevedra a través da creación dun campus universitario con capacidade de proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra.*

*IV.- Que para artellar a colaboración entre as partes cara á proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Segundo a tipoloxía prevista no art. 47.2 da LRXSP o acordo de colaboración que se pretende celebrar acomódase ó previsto no seu apartado a) Convenios interadministrativos firmados entre dos o más Administraciones Públicas, o bien entre dos o más organismos públicos o entidades de dereito público vinculados o dependentes de distintas Administraciones públicas, y que podrán incluir la utilización de medios, servicios y recursos de otra Administración Pública, organismo público o entidad de dereito público vinculado o dependiente, para el ejercicio de competencias propias o delegadas.*

*V.- Que de acordo coas precedentes consideracións e co fin de posibilitar a colaboración entre ambas as dúas entidades para a consecución real e efectiva de obxectivos de interese común como son o apoio e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico da provincia de Pontevedra, ambas partes conveñen na concertación do presente convenio, con arranxo ás seguintes cláusulas:*

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

*O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para contribuir ao proceso de especialización no que está inmerso o Campus*



*universitario de Pontevedra. A financiación das actividades propostas contribuirá á consecución dos obxectivos marcados no Plan Estratéxico do Campus CREA.*

*O propósito deste convenio é realizar conxuntamente as seguintes actividades ou actuacións:*

- *Divulgación do Programa de Doutoramento CREA da Universidade de Vigo.*
- *Promoción e organización de eventos culturais e deportivos no Campus de Pontevedra ao abeiro do Campus CREA.*
- *Promoción e organización de proxectos colaborativos entre o Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo e as entidades empresariais provinciais.*

*Todas estas actividades ou actuacións están detalladas e desenvolvidas no anexo I.*

### **SEGUNDA. IMPORTE E FINANCIAMENTO**

*A Deputación de Pontevedra financiará una contía máxima de trinta mil euros (30.000,00€) as actividades a desenvolver, contra a aplicación 2023/942.9431.453.94 do vixente orzamento provincial, segundo consta no anexo I.*

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

*A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do financiamento do proceso de especialización do Campus CREA (en concepto de divulgación do Programa de Doutoramento CREA da Universidade de Vigo, promoción e organización de eventos culturais e deportivos no Campus de Pontevedra ao abeiro do Campus CREA e promoción e organización de proxectos colaborativos entre o Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo e as entidades empresariais provinciais), que se corresponden coa totalidade do importe do convenio (100%), ata a cantidade máxima de trinta mil euros (30.000,00 €), de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, e na parte proporcional do financiamento, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.*

*A Deputación de Pontevedra prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017.*

### **CUARTA. COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**



1. *Asumir individualmente a obriga da organización e coordinación de todas as actividades realizadas ao abeiro deste convenio:*

- *Promover accións de promoción no entorno académico para o Programa de Doutoramento CREA.*
- *Planificar e executar accións deportivas no campus de Pontevedra que promovan os valores recollidos no Plan Estratégico do Campus CREA.*
- *Planificar e executar accións culturais no campus de Pontevedra que promovan os valores recollidos no Plan Estratégico do Campus CREA.*
- *Promover a transferencia de coñecemento da Universidade a empresas e institucións mediante a organización e execución de eventos e co fomento de actividades de difusión e investigación conxuntas.*

2. *Facer un seguimento e avaliación das actividades propostas e executadas.*

3. *Aprobar as correspondentes memorias técnicas, pregos de cláusulas ou documentos análogos que conteñan as condicións dos contratos necesarios para a completa realización das actividades programadas obxecto do convenio, así como calquera outro extremo que fose necesario para a súa execución.*

4. *Asumir a obriga, de ser necesario, de obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*

5. *Difundir as actividades e facer visible a colaboración da Deputación de Pontevedra no seu financiamento.*

6. *Xustificar no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.*

7. *Prestar a colaboración para facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que le correspondan á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

*Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén serán de aplicación o establecido no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo.*

8. *Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*

9. *Elaborar unha memoria final que avalíe as actividades levadas a cabo.*

## **QUINTA. PUBLICIDADE**

*En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente*



*convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación de Pontevedra.*

*As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### **SIXTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCiónS**

*A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións subvencionadas recollidas no anexo I.*

#### **SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCión**

*Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida, establecendo una porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.*

*A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:*

- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, así como a súa aprobación polo órgano competente.*
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.*



- c) *Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicarse que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.*
- d) *Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.*
- e) *Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.*
- f) *Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.*
- g) *Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiaria desta axuda, , así como os certificados que acrediten non ter débedas con Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- h) *Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.*
- i) *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

#### **OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como a resolución de dúbidas e resolución de conflitos que poidan producirse na súa interpretación, crearase unha comisión mixta con representantes designados de cada unha das partes en réxime de paridade, e sen prexuízo de que poida solicitarse, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros e/ou asesores.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento:*

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do obxecto do convenio.*
- A coordinación entre as partes asinantes na execución das actuacións obxecto do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das partes asinantes.*
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxustar ou modificar as actuacións que se estean realizando no marco do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na súa execución.*
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*





– *Propoñer, de mutuo acordo, a prórroga deste convenio.*

*A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra, salvo que se acorde a súa celebración noutro lugar. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións. En defecto de acordo a presidenta da Deputación sinalará o responsable da Comisión, que actuará en calidade de presidente.*

#### **NOVENA. VIXENCIA**

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2023, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o día 31/03/2024.*

#### **DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

*1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

*2º.- O acordo unánime dos asinantes.*

*3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.*

*Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

*4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*5º.- Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento pola Comisión de Seguimento.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE**

*Cada una das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento dos proxectos de investigación que se leven a cabo. Os*



*datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando una das partes desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc., deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ao responsable do seguimento do proxecto.*

*Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos/os autores/as do traballo. No caso de patentes, estes/estas figurarán en calidade de inventores/as. En calquera caso, farase sempre referencia especial a este convenio.*

## **DÉCIMO SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica.*

*O reitor magnífico da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa Roger.*

*A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, María del Carmen Silva Rego.*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay.*

## **ANEXO I**

### **1. A definición do obxectivo específicos.**

*O principal obxectivo do convenio é contribuir ao proceso de especialización no que está inmerso o Campus universitario de Pontevedra. A financiación das actividades propostas contribuirá á consecución dos obxectivos marcados no Plan estratéxico do Campus CREA.*

*Como obxectivos secundarios identifícanse:*



- a. *Promoción do programa de doutoramento CREA. Este programa de doutoramento ten moitas particularidades xa que é único a nivel internacional e promove a investigación académica inter e multidisciplinar. Calquera traballo académico que se faga dentro deste programa debe traballar, alomenos, dúas liñas de investigación diferentes pero complementarias dentro do marco establecido polo campus de especialización. Este programa está captando moitos doutorados e doutoradas procedentes doutros países, pero é preciso dar continuidade a un proceso de internacionalización que permita seguir acadando os obxectivos específicos do programa de doutoramento e do campus de especialización.*
- b. *Planificación e execución de eventos deportivos e culturais que fortalezan a proposta de cara á consecución da acreditación do campus de especialización. Tanto os eventos deportivos coma os culturais serán dirixidos aos membros da comunidade universitaria, pero tamén á sociedade en xeral e ao entorno máis inmediato da cidade e da provincia de Pontevedra. Procurarase levar a cabo accións nas que os participantes podan tomar parte de forma máis ou menos activa.*
- c. *Promover a transferencia de coñecemento da universidade ás empresas e institucións do entorno. Tal e como se recolle nas liñas estratéxicas do Campus CREA é preciso a colaboración do eido social, empresarial e institucional para fortalecer vínculos que permitan afianzar o campus de especialización.*

## **2. A descrición do programa de traballo.**

- a. *Promoción do programa de doutoramento CREA.*
  - *Captación de alumnos internacionais a través de accións online e presenciais.*
  - *Captación de docentes internacionais a través de accións online e presenciais.*
  - *Promoción de proxectos e publicacións académicas interdisciplinares entre os docentes e doutorados/as implicados no programa.*
- b. *Actividades deportivas e culturais.*
  - *Anteproxecto da posible creación dunha rede de museos universitarios no Campus de Pontevedra.*
  - *Organización de actividades deportivas no campus. Dada a tradición que o piragüismo ten na cidade de Pontevedra, expóñese levar a cabo un curso de iniciación a este deporte, dirixido a toda a comunidade universitaria. Tras este curso de iniciación exporase co Servizo de Deportes da universidade de Vigo a creación dunha liga intercampus.*
  - *Organización de actividades culturais no campus:*
    - *Obradoiro de teatro.*
    - *Obradoiro de danza.*
    - *Creación do grupo de música tradicional no Campus de Pontevedra.*



c. *Actividades coas entidades sociais, empresariais e institucionais da contorna.*

- *Organización de foros universidade-empresa na que entren en contacto organizacións empresariais e docentes e investigadores do campus de Pontevedra.*
- *Promoción de convenios de colaboración coas entidades sociais, empresariais e institucionais e o Campus de Pontevedra*
- *Promoción de investigación conxunta entre as organizacións privadas e públicas da contorna e os grupos de investigación do Campus de Pontevedra.*

**3. A formulación do orzamento total.**

|   |                |
|---|----------------|
| <b><i>DIVULGACIÓN DO DOUTORAMENTO CREA</i></b>      | <b>10.000€</b> |
| <i>Asistencia a congresos/feiras internacionais</i> | 3.000€         |
| <i>Elaboración video promocional</i>                | 4.000€         |
| <i>Diseño e compra de material promocional</i>      | 2.000€         |
| <i>Envío postal de material promocional</i>         | 1.000€         |

|   |                |
|---|----------------|
| <b><i>ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAI E DEPORTIVOS</i></b> | <b>15.000€</b> |
| <b><i>Obradoiro de teatro no campus</i></b>                 | <b>6.100€</b>  |
| <i>Escenografía e vestuario</i>                             | 600€           |
| <i>Honorarios por 110 horas de docencia</i>                 | 5.500€         |
| <b><i>Obradoiro de danza no campus</i></b>                  | <b>2.000€</b>  |
| <i>Honorarios por 40 horas de docencia</i>                  |                |
| <b><i>Creación grupo de música tradicional</i></b>          | <b>2.000€</b>  |
| <i>Dirección do grupo (16 horas)</i>                        | 800€           |
| <i>Confeción de repertorio</i>                              | 1.000€         |
| <i>2 concertos: 100€/concerto</i>                           | 200€           |
| <b><i>Curso iniciación a piragüismo</i></b>                 | <b>1.894€</b>  |
| <i>Aluguer embarcacións</i>                                 | 894€           |
| <i>Curso iniciación 10 horas</i>                            | 500€           |
| <i>Monitor para entrenamentos</i>                           | 500€           |



|   |               |
|---|---------------|
| <b>Organización de campeonato de piragüismo Intercampus (Vigo-Ourense-Pontevedra)</b> | <b>1.006€</b> |
| Contratación de 2 árbitros (100€/árbitro)   | 200€          |
| Traslados dos deportistas entre os campus   | 600€          |
| Planificación do Campeonato   | 206€          |
| <b>Estudio viabilidade da creación de museos Universitarios</b>                       | <b>2.000€</b> |
| Consultoría externa   | 1.000€        |
| Creación de Contidos expositivos  | 1.000€        |
| <b>PROXECTOS UNIVERSIDADE-EMPRESA</b>   | <b>5.000€</b> |
| <b>Organización de 3 foros de emprendemento</b>                                       |               |
| Honorarios de conferenciantes   | 3.500€        |
| Producción e planificación de workshops   | 750€          |
| Promoción   | 750€"         |

- *DARLLE TRASLADO da presente resolución á Universidade de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa."*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperacións Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e trece minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,  
*(documento asinado electronicamente)*  
 Marina Piñeiro Novo

